

Co obxectivo de estimular a creación no campo da música clásica contemporánea entre os compositores e compositoras mozos e co propósito de contribuír ao desenvolvemento social mediante o coñecemento de novas linguaxes, tendencias e formas musicais de expresión, convocamos o



XXXVII PREMIO  
JÓVENES COMPOSITORES  
FUNDACIÓN SGAE - CNDM  
2026

## BASES

- 01** Poderán concorrer ao premio todos os compositores e compositoras de calquera país do mundo, con obras de calquera linguaxe ou tendencia estética dentro da música contemporánea, **que na data de peche desta convocatoria non fixesen aínda os 35 anos de idade** e sexan socios e socias da SGAE. Aqueles autores ou autoras cuxas obras foron distinguidas co primeiro premio nas edicións convocadas a partir de 2022 deberán absterse de participar. Só poderán presentarse obras de autoría única e cada concursante só poderá presentar unha única obra.
- 02** As obras deberán axustarse a unha pauta instrumental que deberá incluír, obrigatoriamente, todos os seguintes instrumentos:
  - Clavicémbalo - 1 intérprete
  - Fauta - 1 intérprete
  - Óboe - 1 intérprete
  - Clarinete - 1 intérprete
  - Violín - 1 intérprete
  - Violonchelo - 1 intérprete
- 03** As obras concursantes serán orixinais e nunca antes terán sido interpretadas en público, nin premiadas noutro concurso.
- 04** A **duración** das obras non será inferior a **sete (7)** nin superior a **doce (12)** minutos.
- 05** No caso de que a obra presentada a concurso incorpore fragmentos musicais de titularidade distinta á do autor ou autora desta, o ou a concursante deberá acreditar que está autorizado ou autorizada polos habentes dereito dos ditos fragmentos. Deberá presentárselle á Fundación SGAE esta autorización no momento da solicitude para concursar. A súa falta de entrega suporá a descualificación automática. Así mesmo, se non se declara a incorporación de fragmentos de obras alleas e isto se pon de manifesto ao longo do proceso de selección, en calquera das súas fases, o ou a concursante será descualificado ou descualificada automaticamente.

**06** Co fin de preservar o anonimato dos e das concursantes, as partituras serán presentadas con inclusión do título orixinal da obra e un lema ou pseudónimo (que deberá ser diferente do título da obra), e non indicarán o nome do autor ou autora en ningunha das súas páxinas. As partituras deberán remitirse ao enderezo de correo electrónico [smoralg@fundacionsgae.org](mailto:smoralg@fundacionsgae.org) xunto cos datos de contacto do autor ou autora, a declaración de obra na SGAE escaneada (como constancia do rexistro previo da obra concursante) e un breve currículum vitae cun máximo de 30 liñas, no cal se indique o seu número de DNI ou pasaporte. Así mesmo, incluírán unha autorización expresa a favor da Fundación SGAE e do CNDM para o uso dos seus datos de carácter persoal na realización de todas as xestións necesarias deste premio. **A Fundación SGAE garantirá que as partituras se presenten, perante o xurado encargado de seleccionar as obras finalistas, sen ningunha mención á autoría das obras nin ao sexo ou procedencia dos autores o das autoras, para velar así pola neutralidade da comisión e a igualdade de oportunidades dos e das solicitantes.**

**07** **As obras poderán remitirse ata o venres 4 de setembro de 2026, unicamente por vía telemática.** A relación de obras baixo lema que cumpran todos os requisitos e fosen aceptadas pola organización para concursar será publicada en: [www.fundacionsgae.org](http://www.fundacionsgae.org) e <https://cndm.inaem.gob.es/>.

**08** De entre todas as partituras aceptadas, un xurado composto por destacados expertos e expertas en música escollerá catro obras como finalistas. Unha vez seleccionadas as ditas obras, a organización do premio procederá a pór en coñecemento do xurado a identidade dos autores ou autoras, acreditarase mediante acta asinada e daranse a coñecer os resultados aos medios de comunicación. Na primeira información oficial, indicárase o lema correspondente baixo o que cada obra concursaba. A partir de entón, as futuras informacións só farán referencia ao título das obras finalistas e aos nomes e apelidos dos seus autores ou autoras.

Na última etapa do concurso, o xurado decidirá os premios outorgados ao final dunha audición pública organizada para tal fin polas entidades convocantes. A decisión do xurado será inapelable e soberana. De acordo cos obxectivos educativos, sociais e promocionais deste concurso, o xurado procurará que ningún premio sexa declarado deserto.

**09** Os premios serán os seguintes:

—	<b>Primeiro premio</b> Xavier Montsalvatge	6.000 € e diploma
—	<b>Segundo premio</b> Carmelo Alonso Bernaola	3.000 € e diploma
—	<b>Terceiro premio</b> Francisco Guerrero Marín	1.500 € e diploma
—	<b>Mención honorífica</b> Juan Crisóstomo Arriaga	1.200 € e diploma

**10** Establécense dous premios especiais JM España, grazas á colaboración das entidades convocantes e Juventudes Musicales de España. Os autores ou autoras que resulten galardoados na edición de 2026 do Premio Jóvenes Compositores Fundación SGAE-CNDM co Premio Xavier Montsalvatge e co Premio Carmelo Alonso Bernaola converteranse en compositores residentes da Red de Músicas de JM España na tempada 2027-2028. JM España encargarlle ao gañador ou gañadora do primeiro premio unha (1) obra de música de cámara asumindo o custo do encargo, que se fixa en dous mil euros (2.000 €, impostos incluídos). JM España encargarlle ao segundo premiado ou premiada unha (1) obra de música de cámara asumindo o custo do encargo, que se fixa en mil euros (1.000 €, impostos incluídos).

Os compositores ou compositoras poderán escoller as dúas formacións para as cales escribirán as obras de entre os e as solistas e grupos que JM España programe para a tempada seguinte no seu circuíto nacional de concertos Red de Músicas. No caso de que o Premio Xavier Montsalvatge ou o Premio Carmelo Alonso Bernaola se outorguen ex aequo, encargaráselles a ambos os compositores e compositoras gañadores a escritura dunha obra por cada compositor ou compositora, por un importe total de mil euros (1.000 €, impostos incluídos) para cada un deles ou delas, no caso do primeiro premio, e de cincocentos euros (500 €, impostos incluídos) no caso do segundo premio.

Os gañadores ou gañadoras poderán renunciar libremente á condición de compositor ou compositora residente. Nese caso, ou no de declararse deserto o primeiro ou o segundo premio, JM España ofreceralles o posto de compositor residente aos e ás finalistas por rigorosa orde de resultado.

**11** Os compositores ou compositoras cuxas obras sexan finalistas comprometeranse a facilitarlle á organización, con suficiente antelación, unha copia da partitura xeral e os materiais correspondentes a cada instrumento da pauta utilizada, debidamente numerados en coincidencia cada un. Tanto na partitura como nos materiais de cada instrumento deberá aparecer xa o título oficial da obra e o nome e apelido(s) do compositor ou compositora, segundo os canons habituais empregados en todas as partituras, para o seu uso nos ensaios previos e na audición pública onde se anunciarán as obras premiadas. Así mesmo, cada finalista deberá enviar un breve comentario escrito relativo á súa obra e unha actualización do seu currículo en formato de ficha biográfico-artística para seren incluídos no programa impreso da dita audición pública final.

**12** A etapa final do concurso consistirá nun concerto público no que as catro obras finalistas serán interpretadas por un conxunto profesional e que terá lugar o luns 16 de novembro de 2026 no Auditorio 400 do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid, dentro da tempada de concertos SERIES 20/21 do CNDM. Ao final do concerto e tras unha breve pausa, o xurado dará a coñecer a súa decisión mediante acta. A organización reserva o dereito de cambiar o lugar e día de execución do concerto público se por circunstancias xustificadas non é posible realizalo no lugar e data indicados, do que deberá informar con antelación suficiente os compositores ou compositoras cuxas obras resultasen finalistas.

O soporte de posibilidades ofrecidas pola organización do premio sempre será en réxime de estrita igualdade para os e as concursantes en canto á posta en escena e interpretación das obras, de acordo co concepto de disposición tradicional ao uso nun auditorio coas características en que se produce o concerto final. Calquera interpretación non usual dalgunha obra no mencionado concerto quedará a expensas de que sexa realizable segundo o criterio das institucións que o acollen, que estudarán as suxestións ou opcións propostas polos compositores ou compositoras nas partituras.

A organización non se responsabilizará das viaxes nin do aloxamento dos compositores ou compositoras cuxas obras sexan finalistas e que desexen asistir ao concerto.

**13** Para contribuír á posterior difusión das catro obras gañadoras, a Fundación SGAE producirá un disco promocional con cada unha das gravacións que resulten das execucións musicais das obras gañadoras realizadas in situ no concerto público recolleito no punto 12 e con carácter testemuñal da súa interpretación co fin de distribuílo promocionalmente durante os 12 meses seguintes á súa publicación. Para levar a cabo a produción e explotación promocional dos discos, a Fundación SGAE será a encargada de solicitar as licenzas necesarias que correspondan. Unha vez finalizado o prazo de 12 meses, a Fundación SGAE comprométese a conservar os exemplares fabricados e facer entrega destes aos compositores gañadores que así o soliciten. No caso de que pasados dous anos os compositores ou compositoras non reclamaren os seus exemplares, a Fundación SGAE reserva o dereito de destruílos ou distribuílos gratuitamente sen necesidade de comunicarllo ao compositor gañador ou compositora gañadora.

Os autores ou autoras galardoados comprométese a que nas execucións públicas, gravacións ou calquera outro acto de comunicación que se realice co seu coñecemento das obras premiadas se faga mención expresa do premio obtido no certame. Pola súa banda, as entidades convocantes quedan facultadas para difundir libremente nos medios de comunicación fragmentos das obras gañadoras (ata unha duración máxima de tres minutos) con carácter promocional.

**14** Os autores ou autoras que resulten elixidos como finalistas autorizan a Fundación SGAE a que leve a cabo tanto a primeira divulgación da obra musical inédita, presentada no marco deste premio, mediante a execución musical que se realizará no concerto público descrito no punto 12 destas bases, como a primeira fixación da obra executada in situ no concerto que se realizará nun soporte físico. Para iso, cada compositor ou compositora finalista cede á Fundación SGAE con carácter de non-exclusividade os dereitos de propiedade intelectual necesarios para levar a cabo as actuacións descritas neste parágrafo.

**15** Toda a documentación relativa ás obras enviadas que non fosen seleccionadas como finalistas se conservará só durante os trinta (30) días seguintes á decisión do xurado seleccionador.

**16** Os compositores participantes eximen a Fundación SGAE e o CNDM de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente en materia de propiedade intelectual en España en que puidesen incurrir coas súas obras.

**17** Polo feito de concorrer a esta convocatoria, os compositores ou compositoras que concursen deberán aceptar integramente as bases do premio, así como as decisións do xurado. En caso de reclamación ou conflito, tanto os e as participantes como os organizadores do premio deberán someterse á xurisdición dos tribunais de Madrid capital, España, e considerarse como oficial o texto en castelán.

Toda a información que as partes subministren na xestión do proxecto ten carácter confidencial e non poderá revelarse a terceiros nin utilizarse para fins distintos dos estipulados, agás as excepcións establecidas pola lexislación vixente.

Conforme ao que dispoñen o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que os compositores ou compositoras solicitantes faciliten nesta convocatoria formarán parte dun ficheiro de titularidade da FUNDACIÓN SGAE para a posta en coñecemento do xurado, o envío de comunicacións, a xestión administrativa da participación nestes premios, o pagamento das cantidades que se lles deban ás persoas que resulten elixidas a través de bancos e caixas de aforros, a publicación da resolución da concesión en Internet, a realización de memorias de actividades da FUNDACIÓN SGAE ou da SGAE e a publicidade das actividades que a FUNDACIÓN SGAE desenvolve, realizadas directamente por eles mesmos ou a través dos seus colaboradores; ou calquera outra xestión que resulte necesaria en relación co desenvolvemento dos premios.

Os e as titulares do dereito fundamental á protección de datos persoais poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade de datos e a non seren obxecto de decisións individuais automatizadas dirixíndose á Fundación SGAE, á atención dos Servizos Xurídicos, ben por escrito á rúa Bárbara de Braganza, 7, 28004 Madrid, ou ben ao seguinte enderezo de correo electrónico: [informacion@fundacionsgae.org](mailto:informacion@fundacionsgae.org). O dito escrito deberá indicar os datos necesarios para a identificación do ou da titular do dereito con especificación do dereito exercido, os motivos e a súa petición concreta, xunto cunha fotocopia do seu DNI.

## ENVÍO DE MATERIAIS

Fundación SGAE – Departamento de Música  
[smoralg@fundacionsgae.org](mailto:smoralg@fundacionsgae.org)

## INFORMACIÓN

Delegacións xerais e sedes da SGAE en España e no estranxeiro (consultar enderezos en [www.sgae.es](http://www.sgae.es))

As persoas interesadas poderán efectuar todo tipo de consultas ou ampliar a súa información sobre estas bases en

## CNDM

<https://cndm.inaem.gob.es/>

## FUNDACIÓN SGAE

[informacion@fundacionsgae.org](mailto:informacion@fundacionsgae.org)  
[www.fundacionsgae.org](http://www.fundacionsgae.org)  
[www.sgae.es](http://www.sgae.es)

Organizan

Colabora

fundación  



 JM España

